

Artigo publicado orixinalmente no Chicago Reader, o 6 de febreiro de 2004.

Os seus filmes expresan máis que a maioría a intensidade da felicidade, o pracer físico do encontro e do contacto, a traxedia inevitable das relacións.

Bernard Eisenschitz

As películas do director ruso Boris Barnet (1902-1965) case nunca se proxectan, e a información sobre o seu traballo é escasa. Parece que realizou dúas dúcias de filmes, e eu teño visto tres. Dous deles, *Arraballes* (Украина, 1933) e *Á beira do máis azul dos mares* (У самого синего моря, 1935) son obras mestras. O terceiro, *A rapaza coa caixa de chapeus* (Девушка с коробкой, 1927) non está mal, se ben é moito menos memorable; curiosamente é o seu único filme dispoñible en vídeo. Estes tres filmes e outros catro amósanse esta semana na Cinemateca Facets, xunto a outro filme no que Barnet actuou -a tola farsa de Lev Kuleshov *As extraordinarias aventuras do Sr. West na terra dos Bolxeviques* (Необычайные приключения мистера Веста в стране Большевиков, 1924) e un filme recente de Pyotr Lutsik levemente inspirado en Arraballes e que comparte título con ela (Украина, 1998).

Se ben a meirande parte dos seus filmes foron éxitos de público cando se estrearon, Barnet é maiormente coñecido entre os cinéfilos como o meirande mestre esquecido da idade de ouro do Cinema Soviético. Ata onde eu sei, esta é a única retrospectiva súa que Chicago nunca tivo, e só un dos seus filmes foi previamente cuberto no Reader, *A casa na Praza Trubnaia* (Дом на Трубной, 1928), Dave Kehr escribiu del con entusiasmo e outros o nomearon a mellor comedia muda soviética nunca feita. Jacques Rivette designou a Barnet como o mellor director soviético despois de Eisenstein; Jean-Luc Godard escribiu sobre el con semellante veneración, como tamén fixo o historiador Bernard Eisenschitz

Barnet está ausente da meirande parte de cursos de historia do cinema, pero está claro que iso non é porque sexa unha figura menor. En 1971 o crítico literario e cinematográfico francés Raymond Bellour publicou un ensaio describindo o cinema en xeral como un «texto inalcanzable». En parte referíase a que as películas -a diferencia dos poemas, artigos, contos ou libros- non eran cousas que un puidese posuír, deixar nunha librería, utilizar para citar, e estimar como obxectos. Aparecían de xeito breve, e logo desaparecían, adoito definitivamente. Bellour podería ter engadido que xa que os filmes foran escorregadizos e inalcanzables durante a meirande parte do século XX, provocaban unha fascinación misteriosa, máxica.

Calquera cousa que cambie constantemente segue a ser fascinante precisamente porque non pode ser forzada ou arquivada. Pero Bellour non podía ter predito que nunha década, os vídeos -e máis tarde os DVD's- farían que moitos filmes fosen tan alcanzables como o material impreso, se ben as súas condicións de visionado cambiara. Algúns comentaristas hexemónicos poderían argumentar que a meirande parte dos filmes máis importantes do mundo xa está dispoñible en vídeo e en DVD, pero *Arraballes* e *Á beira do máis azul dos mares* están lonxe de ser os únicos traballos importantes non dispoñibles en ningún dos dous soportes. A meirande parte dos críticos convencionais e dos estudos adoitan ser moi vagos para ampliar o canon, e polo tanto probablemente non teñan a menor idea de cales son todos os filmes importantes, dado que a meirande parte de todos os filmes que se teñen feito non están en vídeo nin en DVD. Por suposto que algúns deles están dispoñibles nos videoclubes, pero o *mainstream* segue a limitar a súa definición de clásico a filmes que todo o mundo xa coñece.

O programa do Facets chámase «O extraordinario Sr. Barnet», e o uso da palabra extraordinario non é de ningunha maneira hiperbólico. O avó paterno de Barnet era un impresor inglés que se estableceu nos arraballes de Moscú, e o propio Barnet naceu naceu alí en 1902. Estudou pintura en Moscú antes de unirse ao exército vermello na súa adolescencia e servir como médico, e tras a Guerra Civil inclinouse cara o boxeo profesional. Lev Kuleshov, influente profesor de cinema e tamén realizador viu un dos combates de Barnet e deulle un papel prominente n'as *extraordinarias aventuras do Sr. West na terra dos Bolxeviques*. Barnet uniuse ao taller de Kuleshov como estudante e responsable de mantemento, e finalmente chegou a codirixir un serial de 21 bobinas chamado *Miss Mend* (Мисс Менд, 1926); o seu primeiro esforzo en solitario foi *A rapaza coa caixa de chapeus*.

Nin un teórico nin un propagandista capaz, Barnet era un director demasiado intuitivo e físico para encaixar comodamente coas formas prescritas do realismo socialista,

DESTELLOS DUNHA ESTRAÑA AVE (SOBRE BORIS BARNET)

JONATHAN ROSENBAUM

e aparentemente adquiriu a súa sona de facer filmes de estilo estadounidense en parte polo seu apelido, o que rematou por volver ás burocracia estatal na súa contra. Polo menos esa é a impresión que queda polos apuntes biográficos, os cales son exiguos. Algunhas descrições estadounidenses dos seus filmes fan fincapé nos seus elementos propagandísticos, pero dáme a impresión de que a súa propaganda é ou ben lixeira ou politicamente incorrecta, os mesmos atributos que probablemente o metesen en problemas. Despois de contemplar o seu traballo conmocionoume o feito de saber que se suicidara en 1965, deixando unha nota que dicía que semellaba ter perdido a capacidade de facer bos filmes.

Situada nunha aldea rusa durante a I Guerra Mundial, *Arrabaldes* é o primeiro filme sonoro de Barnet, e como noutros *talkies* primitivos -*Ivan* (Иван, 1932) de Alexander Dovzhenko, *O Deserto* (Дезертир, 1933) de Vsevolod Pudvkin, *Entusiasmo* (Энтузиазм, 1930) de Dziga Vertov - a estilizada banda de son é moi creativa e orixinal. Dentro dos primeiros minutos os hurras aparecen sincronizados cos estoupidos de vapor dunha locomotora, o son dunha habitación chea de zapateiros machacando nas caixas rexistradoras como se fose música electrónica, e mesmo hai un cabalo que fala brevemente, un tropo que é facilmente asociable cos filmes silentes de Dovzhenko.

O son en *Arrabaldes* ten o efecto curioso, primario, de redefinir o silencio, como se nunca o tivéssemos experimentado antes, unha virtude que é especialmente rechamante en relación cos filmes actuais, nos cales calquera tipo de silencio é unha rareza. Puntuando os longos tramos de silencio con chíos e pitidos, e máis adiante sons de explosións, Barnet conciencia os nosos oídos ao tempo que os nosos nervios, e raramente permite que sexa o diálogo o que conduza a historia. Non hai nada intelectual ou prominentemente formal na súa decisión de outorgarlle ao son e a imaxe a mesma importancia. Este é un filme volátil cheo de emocións crúas, e tal e como o formulou unha vez o historiador do cinema Soviético Jay Leyda, «Non podes estar seguro de se a seguinte escena será divertida ou patética, amable ou violenta».

Este é o tipo de filme no cal un soldado pode facerse o morto nas trincheiras como brincadeira, enganándonos a nós ao tempo que aos seus camaradas, e onde unha rapaza rusa pode namorar perdidamente dun prisioneiro alemán co cal apenas pode comunicarse. As escenas cómicas poden volverse subitamente tráxicas, e viceversa. Un longo plano melancólico dun soldado taciturno e

unha muller pensativa sentados en extremos opostos dun banco termina cun gag: cando o soldado se levanta, a muller, como se estivese nun balancín, afunde. Cambios de ton e trama aparentemente irracionais crean unha profunda sensación da guerra como un estado de caos (algúns críticos teñen comentado que o implícito pacifismo de Barnet levouno a ser acusado de retratar de maneira impropia a vida Soviética). Nalgunhas secuencias de montaxe, as escenas de guerra pasan tan rapidamente que semellan amontoarse unhas por riba das outras, e despois de que un personaxe entre correndo nunha reunión para anunciar que o Zar abdicou, a loita insensata non para.

Pola súa banda, *Á beira do máis azul dos mares* é un musical, codirixido con S. Mardanov, que é aínda máis fisicamente intenso que *Arrabaldes*. Aínda que a guerra é un tema que pasa fóra de pantalla, este filme trata tanto sobre a paz como *Arrabaldes* sobre a guerra, unha visión do paraíso que complementa a ollada previa do inferno. A trama é simple e concentrada. Despois duns planos de olas e uns títulos de crédito torpemente traducidos -«Un barco desapareceu no Mar Caspio / Xente nova estivo dous días loitando coa morte»- atopámonos cos dous heroes, un mariñeiro e un mecánico. Son recollidos por unha goleta e levados a unha illa no Azerbaixán soviético, onde se atopan cunha rapaza chamada Mashenka (Yelena Kuzmina), que dirixe unha cooperativa e traballa como encargada dun barco de pesca. O pouco que queda de historia céntrase sobre todo na rivalidade romántica entre ambos homes, aínda que Mashenka revela ao final que ten un prometido que marchou a loitar ao Pacífico.

É difícil explicar que é o que fai este filme tan exquisito, alén dos personaxes e as súas excentricidades (como as cóxegas que ten un home) e a beleza do marco idílico. Eisenschitz semella estar na pista correcta cando di que o filme é inclasificable, que «certamente non é unha comedia, aínda que provoque gargalladas». Rematamos por collerlle cariño aos tres personaxes principais, en parte porque o afecto que amosan os uns polos outros e en parte polo gusto co que o amosan. Este aspecto lémbreme a algunhas comedias de Raoul Walsh de comezos dos 30, como *Eu e a miña moza* (*My and My Gal*, 1932) e *A sorte do mariñeiro* (*Sailor's Luck*, 1933). Pero hai tamén un certo pouso de tristeza que semella alleo a Walsh, unha sensación de melancolía envolta arredor de cada momento de alegría que semella quintaesencialmente rusa.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

OUT
2017

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
 cineclubedecompostela.blogaliza.org
 facebook.com/cineclubedecompostela
 @cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
 Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

MÉRCORES 4

Arrabaldes

(Украина [Okraina], Boris Barnet, URSS, 1933, 98', VOSG)

MÉRCORES 11

Cinema-Verdade 21º: Lenin

(Кино-Правда 21ая: Ленинская [Kino-Pravda 21aia: Leninskaia], Dziga Vertov, URSS, 1925, 23', VOSG)

Turksib

(Турксиб [Turksib], Viktor Turin, URSS, 1929, 77', VOSG)

MÉRCORES 18

25 de outubro, o primeiro día

(25е - первый день [25е - pervyy den], Yuriy Norshteyn / Arkadiy Tyurin, URSS, 1968, 8', VOSG)

Carta de Siberia

(Lettre de Sibérie, Chris Marker, Francia, 1958, 57', VOSG)

MÉRCORES 25

Bambule

(Bambule, Eberhard Itzenplitz, RFA, 1970, 90', VOSG)